

GUÍA DOCENTE DE **FRANCÉS APLICADO I-II**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de Outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: FRANCÉS APLICADO I-II											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Canto		
CARÁCTER	Obrigatoria Específica							TIPO DE CLASE	Colectiva		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Canto	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	I		Horas de clase semanais:	1 hora
ECTS/CUAD.			1,5	1,5					Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Estudo da lingua francesa e permitan a comprensión do idioma. Autonomía no estudo das obras en lingua estranxeira, e conciencia sobre a importancia, riqueza e valor do coñecemento dunha lingua estranxeira utilizada na música clásica e romántica.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso, e para o cuadrimestre II os adquiridos no cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Tanto o Francés como o resto dos Idiomas presentes nos estudos da titulación están en relación íntima e directa coas disciplinas que versan sobre todo o repertorio lírico (Repertorio Lied, Oratorio, Ópera, etc). A disciplina Francés Aplicado debe capacitar ao alumnado para coñecer, comprender e utilizar axeitadamente a lingua francesa nos textos do repertorio, sendo quen de comunicar as ideas poético-musicais co mellor sentido prosódico e expresivo, así como unha correcta articulación e dicción.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X8, X11, X24, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E15, E16

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Pronunciar perfectamente os textos cantados en francés.	T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, E11, E12, E15.
Coñecer os aspectos prosódicos, fonolóxicos e fonéticos propios da lingua francesa.	T1, T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, E11, E12, E15.
Coñecer a música vocal en lingua francesa e poder comprender o sentido expresivo dos seus textos, a través da análise dos seus textos poéticos e dramáticos.	T1, T2, T4, T6, T13, X8, X11, X24, X25, E12, E16.
Profundar nos coñecementos gramaticais que permitan comprender a estrutura do idioma.	T1, T2, T4, T6, T13, X8, X11, X24, X25, E12, E16.
Desenvolver os recursos vocais que lle permitan aplicar os coñecementos de fonética e prosodia particulares da lingua francesa.	T1, T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, E11, E12, E15.



#### 4. CONTIDOS

1-Fonoloxía e prosodia do Francés. Transcrición fonética segundo A.P.I.
2-Articulación e Dicción do Francés. Lectura fluída.
3- Comprensión dos textos poéticos, sacros e teatrais do repertorio no idioma francés.
4- Coñecemento do repertorio francés.
5- Metodoloxía de traballo autónomo. Prácticas individuais de transcrición e lectura.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases Prácticas (Exposición teórico-práctica, para introducir os aspectos teóricos e prácticos aplicables no repertorio a estudar)	Presencial	Permanente
Traballo Persoal (Tempo de estudo individual do alumno)	Non presencial	Permanente
Titorías (atención particular aos alumnos/as)	Non presencial na clase (tempo especial de titoría)	Esporádica
Audicións (Interpretación en audición pública do repertorio traballado durante as clases)	Presencial	Ao final do cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.